



Comezo do curso

Estimados pais,

Benvidos a *Quick Minds*!

Quick Minds é un curso de inglés de seis niveis para os seis anos de Primaria. Da continuidade ao inglés aprendido en Educación Infantil e desenvólvese seguindo o currículo do ensino da lingua inglesa nos colexios españois de Primaria.

Este ano o voso fillo aprenderá inglés con *Quick Minds 4*. *Quick Minds 4* comeza coa continuación da historia de *Quick Minds 3*, no museo ao que Ben e Lucy doaron a estatua que atoparon. Os alumnos que non estudasen con este método no curso anterior, coñecerán a Ben e a Lucy, *The Explorers*, e ao can de Ben, Buster, na unidade de apertura. Os alumnos participan con eles nunha emocionante procura do tesouro mentres van atopando os versos dunha rima que os conducirá ata algúns tesouros, e intentarán ir sempre un paso por diante dos malos, Horax e Zelda.

Ao mesmo tempo que gozan coas **historias** *The Explorers*, os nenos familiarizaranse con distintos temas e aprenderán **gramática** e **vocabulario** útiles, e unha chea de cancións divertidas.

Invitámosvos a participar da experiencia do voso fillo na aprendizaxe do inglés na casa. Podedes facelo coas actividades interactivas online de *Quick Minds*, ás que accederedes en www.quickmindsapps.es. Trátase de divertidos **xogos interactivos de vocabulario e gramática**, aos que podedes xogar en familia. As **cancións** e as **historias** tamén están dispoñibles online. Poderedes cantar as cancións, ver e escoitar as historias en calquera momento que queirades.

Esperamos que o pasedes ben con *Quick Minds* tanto como o fará o voso fillo!





Unidade Welcome Well done, Explorers!

Estimados pais,

Nesta unidade de benvida ao curso (*Welcome Unit*), *Well done, Explorers!*, o voso fillo aprenderá vocabulario relacionado con **acontecementos da cidade**, así como os **números do 20 ao 100**. Tamén atoparase cos personaxes de *Quick Minds 3* e falará do que fan.

Pedídlle ao voso fillo que vos fale de Ben e Lucy, *The Explorers*. Podedes escoitar a **canción** *The Explorers* e cantar a versión **karaoke**. Tamén podedes ver e escoitar a **historia animada**, *The map*. Preguntádlle ao voso fillo que están a buscar Ben e Lucy.

Ademais animámosvos a xogar co voso fillo aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para esta unidade.

Esperamos que o pasedes ben!



Unidade **1** His hair is curly

Estimados pais,

Na Unidade 1, *His hair is curly*, o voso fillo aprenderá o vocabulario relacionado co seu **aspecto físico** e falará do seu propio aspecto. Ademais, repasará os adxectivos posesivos. Poderá repasar de xeito divertido o que aprendeu e xogar aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online.

Animade ao voso fillo a cantar a **canción** ou cantade xuntos a versión **karaoke** para pasalo ben!

Preguntádelle ao voso fillo pola seguinte aventura de Ben e Lucy: Que poden buscar no mapa? A que sala do museo van Ben e Lucy? A quen ven no museo? Non esquezades ver xuntos a **historia animada** online!

Para rematar o voso fillo aprenderá sobre dous tipos distintos de **museos** e fará unha colaxe para unha cápsula do tempo. Pedídelle que vola ensine!

Esperamos que o pasedes ben!



Unidade **2** Eating out

Estimados pais,

Na Unidade 2, *Eating out*, o voso fillo aprenderá o vocabulario relacionado coa **comida**, **some** e **any** en preguntas e respostas, e **going to**. Tamén preguntará e falará de que prato vai preparar. Non esquezades xogar aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online desta unidade.

Preguntádelle ao voso fillo cal é a súa comida favorita e falade dos bocadillos favoritos da vosa familia. Cantade a **canción** dos alimentos que hai na neveira e bailade ao ritmo da súa divertida melodía! Podedes escribir outra estrofa xuntos.

Vede xuntos a **historia animada**, *At the restaurant*, e preguntádelle ao voso fillo: Cal é o seguinte símbolo do mapa? Podedes predicir o que pasará despois ...

Finalmente, para la lección de **Creatividade**, o voso fillo escoitará unha visualización guiada sobre a súa pizza perfecta. Logo fará un debuxo. Pedídelle que volo ensine e describa en inglés.

Esperamos que gocedes desta unidade!





Unidade **3** The journey

Estimados pais,

Na Unidade 3, *The journey*, o voso fillo aprenderá vocabulario relacionado coas **pertenzas persoais** e a **pedir e dar opinións**. Falará cun compañeiro e preguntarlle a súa opinión achegando a súa propia. Un xeito xenial de repasar o vocabulario e a gramática sería xogando aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online como parte da rutina diaria do voso fillo.

Animade ao voso fillo a cantar a **canción**, e gozade cantando xuntos a versión **karaoke!** Preguntádelle que se leva o neno ao campo.

Ben e Lucy fóronse a outra aventura na **historia**, *The tunnel*. Vede xuntos a **historia animada** online e preguntádelle quen sobe ao tren detrás de eles, e que é o que ve Ben nun póster.

Finalmente, o voso fillo aprenderá sobre as **forzas**. Preguntádelle polas forzas 'a push' e 'a pull'. Tamén lle podedes preguntar polo experimento que fixo para medir a fricción.

Esperamos que o pasedes moi ben con esta unidade!





Unidade **4** Our daily tasks

Estimados pais,

Na Unidade 4, *Our daily tasks* vuestro hijo voso fillo aprenderá as **tarefas diarias**, **os adverbios de frecuencia** e a dicir **a hora**. Non esquezades practicar cos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para esta unidade!

Preguntádelle ao voso fillo cal é a súa tarefa favorita. Cantade a **canción** dun día atarefado. Cantade xuntos a versión **karaoke** e bailade!

Preguntádelle ao voso fillo que fai *The Mysterious H* na historia desta unidade. Podedes ver xuntos a **historia animada** online.

Finalmente, para a lección de **Creatividade** nesta unidade, o voso fillo escoitará unha visualización guiada e imaxinarase unha casa cos seus animais. Despois debuxaraa. Pedídelle que vos mostre o seu debuxo e vos fale de el en inglés.

Esperamos que o pasedes ben!





Unidade **5** Look at that baby!

Estimados pais,

Na Unidade 5, *Look at that baby*, o voso fillo aprenderá os **animais e as súas crías**. Tamén aprenderá os **comparativos e superlativos**. Podedes repasar xuntos esta linguaxe cos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online.

Pedídlle ao voso fillo que vos cante a **canción** do zoo. Compoñede xuntos estrofas e cantádeas coa versión **karaoke**.

Preguntádlle ao voso fillo pola seguinte aventura de Ben e Lucy: Como entran no dragón? Onde ven o seguinte verso? Non esquezades ver a **historia animada** online, *The secret door*!

Para rematar, o voso fillo aprenderá sobre **arte** e fará unha colaxe titulada *My world*. Pedídlle que vola mostre.

Esperamos que o pasedes ben!





Unidade **6** Our school

Estimados pais,

Na Unidade 6, *Our school*, o voso fillo aprenderá vocabulario de **lugares do colexio** e practicará **was e were en frases afirmativas, negativas, interrogativas e nas respostas**. Falará de onde estivo nun momento determinado. Para que practique máis na casa, xogade xuntos aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online.

Animade ao voso fillo a cantar a **canción**. Preguntádelle qué sitio do colexio lle gusta máis.

Preguntádelle ao voso fillo que lles pasa a Ben e a Lucy esta semana: Que toma Ben de beber e de comer? E que toma Lucy? Que pasa co mapa? Onde atopa Ben o seguinte verso? Non esquezades ver xuntos a **historia animada** online!

Finalmente, para a lección de **Creatividade**, o voso fillo escoitará unha visualización guiada e imaxinará o colexio dos seus soños. Despois debuxarao. Pedirlle que vos ensine o seu debuxo e volo describa.

Esperamos que goceades desta unidade!





Unidade **7** I'd like to be a ...

Estimados pais,

Na Unidade 7, *I'd like to be a ...*, o voso fillo aprenderá vocabulario de **profesións** e as cousas que se fan en cada traballo. Non esquezades xogar aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online en casa.

Animade ao voso fillo a cantar a **canción** das profesións ou cantade e bailade xuntos a versión **karaoke**!

Vede xuntos a **historia animada**, *The trap*. Preguntádelle ao voso fillo: Que resolven facer Ben e Lucy? Onde creen que se atopa o tesouro? Que ven Zelda e Horax?

Para rematar, o voso fillo aprenderá cousas sobre o **sistema solar** e investigará datos sobre as lúas do noso sistema solar. Pedídelle que vos conte os seus descubrimentos.

Esperamos que vos divirtades!





Unidade **8** At the seaside

Estimados pais,

Na Unidade 8, *At the seaside*, o voso fillo aprenderá **actividades do fin de semana**. Tamén aprenderá a empregar *why* e *because* e repasará o apreso ao longo do curso. Pode empregar os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para repasar esta linguaxe na casa.

Animádeo a cantar a **canción**, e non esquezades poñer a versión **karaoke!** Pedídelles que vos diga cal é a súa pregunta favorita da canción.

Nesta derradeira unidade, Ben e Lucy chegaron ao final da súa aventura. Preguntádelle ao voso fillo: Onde ven Lucy e Ben o derradeiro verso? Onde está o faro? Que fan co tesouro? Podedes ver xuntos a **historia animada** online.

Finalmente, para a lección de **Creatividade**, o voso fillo escoitará unha visualización guiada e imaxinará unhas vacacións divertidas. Logo debuxaraas. Pedídelles que vos mostre o seu debuxo. Preguntádelle onde está de vacacións no debuxo, con quen está e que fai cadaquén.

Esperamos que o pasedes ben!





Fin de curso

Estimados pais,

Esperamos que este ano gozásedes do inglés con *Quick Minds 4* na casa xunto ao voso fillo. Esperamos que vos divertísedes facendo os **xogos interactivos online**, falando das **historias** e escoitando e cantando as **cancións**.

Recordade que sempre podedes volver xogar aos xogos interactivos online que máis vos gustaron, podedes ver de novo as historias animadas e cantar outra vez as vosas cancións favoritas.

*Finalmente, aos *The Explorers*, Ben e Lucy, e a seu can, Buster, gustaríalles despedirse de vós e desexarvos: Felices vacacións este verán!*

